



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte
RESOLUCIÓN:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Miguel Ángel Pérez Dubois (Xefe Territorial)

VOGAIS

Enrique Martínez Chamorro
(Xefe do Servizo de Montes)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC da provincia de Pontevedra)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SANTA MARÍA DE
XANZA**

Manuel Cotón Pardal
Ramón Rodríguez Freiría

**VOGAIS REPRESENTANTES DA
CMVMC DE SAN MIGUEL DE
VALGA.**

José Manuel Pérez Morales
Manuel Aboy Martínez

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo (Funcionaria
adsrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 17:00 horas do día 18/02/2014, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado "**Monte Albor (Norte)**" solicitando unha parte do monte a prol dos veciños da **CMVMC de Santa María de Xanza** (Valga) e outra parte do monte a favor dos veciños da **CMVMC de San Miguel de Valga** (Valga)

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro- Con data 8/4/2011, a Comunidade de Montes de San Miguel de Valga presenta escrito alegando a sinatura dun acordo entre as Comunidades de Montes de Xanza e San Miguel de Valga polo cal establecen a o linde de aproveitamentos de cada unha das comunidades no Monte Albor e recoñecen o dereito da outra á súa parcela. Adxunta copia da acta notarial co acordo e certificación dos secretarios das dúas comunidades sobre a aprobación do acordo por cadansúa asemblea xeral. O Xurado Provincial de Clasificación acepta a documentación e, con data 3/10/2011, clasifica unha parcela de 3,69 has. do Monte Albor (sur) a prol da Comunidade de Montes de Xanza e outra de 1,97 has. a prol da Comunidade de Montes de San Miguel de Valga, segundo o acordo establecido polas comunidades, pero deixando fóra da resolución as parcelas pertencentes ao Monte Albor (norte) por non estar solicitada a súa clasificación por ningunha das dúas comunidades.

Segundo- Con data de entrada 21/06/12, don José Manuel Pérez Morales, en calidade de presidente da CMVMC de San Miguel de Valga e don Manuel Cotón Pardal, en calidade de presidente da CMVMC de Xanza, presentan solicitude conxunta de clasificación de cadansúa parcela do Monte Albor (norte), segundo o acordo de recoñecemento mutuo de aproveitamento exclusivo citado anteriormente. Solicítase deste xeito a clasificación como veciñal en man común dunha parcela de 4,6287 has. a prol da Comunidade de San Miguel de Valga e outra de 2,428 has. a favor da Comunidade de Xanza, do Concello de Valga, acompañando informe técnico e pericial, describindo o monte, identificación, superficie e lindeiros.

Terceiro- O Xurado de Montes Veciñais, en sesión celebrada en data 1/4/2013, acordou a incoación de expediente de clasificación das devanditas parcelas do citado monte. O 2/4/2013 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 do outubro, de Montes Veciñais en Man Común. Con data 14/5/2013 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes, no que se fai constar que a planimetría aportada é suficiente para a identificación das parcelas e que no esbozo da carpeta ficha as parcelas solicitadas se superpoñen parcialmente con terreos clasificados en 1980 a favor de Xanza.

Cuarto- O Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, en escrito de data 12/6/2013, certifica que as parcelas "Albor norte" da parroquia de San Miguel de Valga e "Albor norte" da parroquia de Xanza, tal e como se describen na solicitude remitida, non figuran inscritas nese Rexistro.

Quinto- Á vista da documentación aportada polos solicitantes e o informe do Servizo de Montes a parcelas obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

Concello : Valga

Parroquia: San Miguel de Valga.

Nome do monte : "Albor Norte "

Cabida: 46.287 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: (Ordenados de Este a Oeste)

Ref. Catastral.	Polígono/Parcela.	Propietario
36056A032001330000AD	32/133	Otero Rubido María
36056A032001470000AB	32/147	Sanmarcos Iglesias José

Sur:(Ordenados de Este a Oeste)

Ref. Catastral.	Polígono/Parcela.	Propietario
36056A032002830000AP	32/283	CMVMC de San Miguel de Valga
36056A032004160000AK	32/416	CMVMC de San Miguel de Valga
36056A032003070000AY	32/307	López Martínez María Luisa

Leste (Ordenados de Norte a Sur)

Ref. Catastral.	Polígono/Parcela.	Propietario
36056A032001470000AB	32/147	Sanmarcos Iglesias, José
36056A032001480000AY	32/148	Touceda Lois, Eusebio



36056A032001490000AG

32/149
descoñecido

36056A032001500000AB

32/150

Touceda Lois, José

36056A032001510000AY

32/151

Sanmiguel Temperán, José

36056A032001520000AG

32/152

Barros Frieiro, María Isabel

36056A032001530000AQ

32/153

Sanmarco Iglesias, Elisardo

36056A032001540000AP

32/154

Pardal Núñez Rosa

36056A032001550000AL

32/155

Sanmarco Iglesias, Andrés

36056A032001560000AT

32/156

Descoñecido

36056A032001570000AF

32/157

Castromán Magariños, Carmen

36056A032001580000AM

32/158

Quintáns Lorenzo José

36056A032004160000AK

32/416

CMVMC de San Miguel de Valga

36056A032003700000AY

32/307

López Martínez María Luisa

Oeste, (Ordenados de Norte a Sur)

Ref. Catastral.

Polígono/Parcela.

Propietario

36056A032001330000AD

32/133

Outeiro Rubido, María

36056A032004070000AP

32/407

CMVMC de Santa María de Xanza

Concello : Valga

Parroquia: Xanza.

Nome do monte : "Albor norte"

Cabida: 24.280 m² aprox. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: (Ordenados de Este a Oeste)

Ref. Catastral.

Polígono/Parcela.

Propietario

36056A032002770000AY

32/277

descoñecido

36056A032002760000AB

32/276

descoñecido

36056A032002750000AA

32/275

Martínez García Manuel

36056A032004130000AF


32/413

descoñecido

36056A032002740000AW

32/274

Cotón Pardal, Manuel



36056A032003980000AU	32/398	Pardal Mosquera, Cándido	
36056A032003970000AZ	32/397	Pardal Mosquera, Manuel	
36056A032002272000AU	32/272	Magán Castiñeiras, Manuel	
36056A032002710000AZ	32/271		Magán Castiñeiras, Carmen
36056A032002700000AS	32/270		Magán Castiñeiras, Hipólito
36056A032002690000AU	32/269		
36056A032090030000AE	32/ 9003	Magán Castiñeiras, José Antonio	
<i>Sur, (Ordenados de Este a Oeste)</i>		camíño	
<i>Ref. Catastral.</i>		<i>Polígono/Parcela.</i>	<i>Propietario</i>
36056A032004030000AB	32/403		Iglesias Pérez José A.
36056A032004070000AP	32/407		
		Comunidad Montes de Xanza	
<i>Leste (Ordenados de Norte a Sur)</i>			
<i>Ref. Catastral.</i>		<i>Polígono/Parcela.</i>	<i>Propietario</i>
36056A032002830000AP	32/283		
		C.M.V.M.C de San Miguel de Valga	
<i>Oeste, (Ordenados de Norte a Sur)</i>			
<i>Ref. Catastral.</i>		<i>Polígono/Parcela.</i>	<i>Propietario</i>
36056A032002690000AU	32/269		
		Magán Castiñeiras, José A.	
36056A032002700000AS	32/270		
		Magán Castiñeiras, Hipólito	
36056A032002710000AZ	32/271		
		Magán Castiñeiras Carmen	
36056A032002720000AU	32/272		
		Magán Castiñeiras Manuel	
36056A032003980000AU	32/398	Pardal Mosquera Cándido	
36056A032002750000AA	32/274		
		Cotón Pardal Manuel	
36056A032004130000AF	32/413		
		descoñecido	
36056A032002750000AB	32/275	Martínez García, Manuel	
36056A032002760000AB	32/276	descoñecido	
36056A032002770000AY	32/277	descoñecido	
36056A032002780000AG	32/278	descoñecido	
36056A032002790000AQ	32/279	Vázquez Pardal, Juan José	
36056A032002800000AY	32/280	Blanco Meniño Ramón	
36056A032002810000AG	32/281	Magariño Iglesias José Ramón	
36056A032004030000AB	32/403	Iglesias Pérez José A.	
36056A032004040000AY	32/404	Iglesias Pérez Manuela	
36056A032002840000AL	32/284	Meniño Caramés Ramón	
36056A032002850000AT	32/285	Gil Barreiro María	
36056A032002860000AF	32/286	Lois Pardal Nieves	



Sexto- Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de audiencia, un particular presentou unha alegación informando que nas proximidades da parcela solicitada pola Comunidade de San Miguel de Valga posúe unha parcela que non está catastrada e presenta plano da mesma. Na súa réplica, a Comunidade de San Miguel de Valga presenta plano que demostra que a parcela do particular está fóra do perímetro da parcela veciñal clasificada o 3/10/2011 a favor da CMVMC de Valga. Non se recibiron máis alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro débese entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.


Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- A acreditación sobre o uso e aproveitamento polos veciños establécese inequivocamente polo seguinte:

- 1- O acordo de recoñecemento mutuo de aproveitamento exclusivo, recollido en acta notarial e confirmado polas asembleas xerais da ámbalas comunidades constitúe en si mesmo un acto de disposición do monte realizado polos comuneiros en uso das atribucións que lles recoñece a lei.
- 2- O informe preceptivo do Servizo de Montes recolle que a parcela de San Miguel de Valga “*está poblada por monte bravo de pino pinaster muy denso y matorral de retama y tojo*”, mentres que a parcela de Xanza “*está poblada por masa de latizal-fustal de pino pinaster con pies de eucaliptus glóbulus*”. Ademais, nas dúas parcelas obsérvanse signos de aproveitamento de esquilmos, segundo puido comprobar o instructor.
- 3- A Comunidade de Montes de Xanza presenta recibo da indemnización pagada por Fenosa en 1987 por dous postes da liña de alta tensión que cruza a parcela.

Cuarto.- As dúbidas expresadas no informe preceptivo e xeradas polo esbozo da carpeta-ficha da clasificación de 1980, no que se superpoñen parcialmente as dúas parcelas do Monte Albor norte agora solicitadas de clasificación co monte clasificado en 1980 próximo á aldea de Medela, quedan aclaradas tendo en conta o seguinte:

- 1- Con data cinco de febreiro de 1980 o Xurado Provincial clasifica a prol da CMVMC de Xanza un único monte denominado Baño, Outeiro, Senín, Medela e Río Valga, cun total de 169 hectáreas e cuns únicos lindes (N: parroquia de Campaña e Valga, L: parroquia de Valga e término de Cuntis, S: parroquia e monte de Setecoros e O: parroquias de Setecoros e Louro).



Pola contra, o esbozo da carpeta ficha amosa os montes veciñais de Xanza repartidos en varias ubicacións sen unión entre si.



2- Con motivo de conflito polos aproveitamentos do Monte Albor, no ano 2000 a CMVMC de Xanza presenta denuncia contra a Comunidade de San Miguel de Valga diante do Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción de Caldas de Reis, o que dá lugar ao Procedemento de Menor Contía 486/00, que se resolve cunha sentenza de data 14/1/2004, que nega eficacia probatoria ao plano da carpeta ficha e que declara que a parcela en litixio non está incluída no Monte clasificado como Medela. Recorrida a sentenza perante a Audiencia Provincial de Pontevedra, resólvese por sentenza 00400/2004 desestimando a demanda e declarando que o Monte Albor queda fóra do contorno perimetral dos montes clasificados a prol da CMVMC de Xanza. Interposto recurso de casación 7/05 perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resólvese con sentenza de 18/10/2005 rexeitando o recurso. As tres sentenzas están incluídas no expediente de clasificación de Monte Albor (sur).

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este Instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón, e o **Xurado de Montes** por unanidade **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte denominado “**Albor norte**” situado na parroquia de Xanza a prol dos veciños da CMVMC de Xanza, e o monte denominado “**Albor norte**” situado na parroquia de San Miguel de Valga a prol da CNVMC de Valga do Concello de Valga de acordo coa descrición reflectida no Antecedente de Feito Quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo perante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos art. 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.





Febrero - 2014
ESCALA: 1/2500

Nº de plano:
1 de 1.

MONTE "ALBOR NORTE"
CMVMC DE XANZA E VALGA. PARROQUIAS DE
SANTA Mª DE XANZA E SAN MIGUEL DE VALGA.
CONCELLO DE VALGA

Atendendo á disposición transitoria segunda do
RD. 1071/2007, de 27 de xullo, pola que se regula
o sistema xeodésico de referencia en España, a
producción cartográfica realizouse en ED50-UTM-FUSO
29 coas referencias ETRS89



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR
XURADO PROVINCIAL DE MONTES DE PONTEVEDRA

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

EDICTO do 27 de febreiro de 2014, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, sobre resolución do expediente de clasificación do monte denominado monte Albor (norte), solicitado unha parte en prol dos veciños da CMVMC de Santa María de Xanza (Valga) e outra parte en prol dos veciños da CMVMC de Valga (Valga).

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 60.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, faise constar que:

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra ditou a seguinte resolución:

«Asistentes

Presidente: Miguel Ángel Pérez Dubois (xefe territorial).

Vogais:

Enrique Martínez Chamorro (xefe do Servizo de Montes).

X. Carlos Morgade Martínez (representante das CMVMC da provincia de Pontevedra).

Víctor Abelleira Argibay (representante do colexio de avogados da provincia).

Vogais representantes da CMVMC de Santa María de Xanza:

Manuel Cotón Pardal.

Ramón Rodríguez Freiría.

Vogais representantes da CMVMC de San Miguel de Valga:

José Manuel Pérez Morales.

Manuel Aboy Martínez.



Secretaria: Ana Belén Fernández Dopazo (funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico-Administrativo).

Na cidade de Pontevedra, ás 17.00 horas do día 18 de febreiro de 2014, coa asistencia das persoas á marxe indicadas, reúnese na 2ª planta do Edificio Administrativo sito no nº 43 da rúa Fernández Ladreda o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación do monte denominado monte Albor (norte) solicitando unha parte do monte en prol dos veciños da CMVMC de Santa María de Xanza (Valga) e outra parte do monte a favor dos veciños da CMVMC de San Miguel de Valga (Valga).

Antecedentes de feito.

Primeiro. Con data do 8 de abril de 2011 a Comunidade de Montes de San Miguel de Valga presenta escrito alegando a sinatura dun acordo entre as comunidades de Montes de Xanza e San Miguel de Valga polo cal establecen o linde de aproveitamento de cada unha das comunidades no monte Albor e recoñecen o dereito da outra á súa parcela. Xunta copia da acta notarial co acordo e certificación dos secretarios das dúas comunidades sobre a aprobación do acordo por cadansúa asemblea xeral. O Xurado Provincial de Clasificación acepta a documentación e, con data do 3 de outubro de 2011, clasifica unha parcela de 3,69 ha do monte Albor (sur) en prol da Comunidade de Montes de Xanza e outra de 1,97 ha en prol da Comunidade de Montes de San Miguel de Valga, segundo o acordo establecido polas comunidades, pero deixando fóra da resolución as parcelas pertencentes ao monte Albor (norte) por non estar solicitada a súa clasificación por ningunha das dúas comunidades.

Segundo. Con data de entrada do 21 de xuño de 2012, José Manuel Pérez Morales, en calidade de presidente da CMVMC de San Miguel de Valga, e Manuel Cotón Pardal, en calidade de presidente da CMVMC de Xanza, presentan solicitude conxunta de clasificación de cadansúa parcela do monte Albor (norte), segundo o acordo de recoñecemento mutuo de aproveitamento exclusivo citado anteriormente. Solicítase deste xeito a clasificación como veciñal en man común dunha parcela de 4,6287 ha en prol da Comunidade de San Miguel de Valga e outra de 2,428 ha a favor da Comunidade de Xanza, do concello de Valga, xuntando informe técnico e pericial coa descrición o monte, identificación, superficie e lindeiros.

Terceiro. O Xurado de Montes Veciñais, en sesión realizada no 1 de abril de 2013, acordou a incoación de expediente de clasificación das devanditas parcelas do citado monte. O 2 de abril de 2013 solicítase ao Servizo de Montes a elaboración do informe preceptivo conforme o artigo 20 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o



Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 do outubro, de montes veciñais en man común. Con data do 14 de maio de 2013 recíbese o antedito informe preceptivo do Servizo de Montes, no cal se fai constar que a planimetría presentada é suficiente para a identificación das parcelas e que no plano da carpeta-ficha as parcelas solicitadas se superpoñen parcialmente con terreos clasificados en 1980 a favor de Xanza.

Cuarto. O Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis, en escrito do 12 de xuño de 2013, certifica que as parcelas Albor norte da parroquia de San Miguel de Valga e Albor norte da parroquia de Xanza, tal e como se describen na solicitude remitida, non figuran inscritas nese rexistro.

Quinto. Á vista da documentación presentada polos solicitantes e o informe do Servizo de Montes a parcela obxecto do presente expediente obedece á seguinte descrición:

Concello: Valga.

Parroquia: San Miguel de Valga.

Nome do monte: Albor norte.

Cabida: 46.287 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Estremas:

Norte (ordenados de leste para oeste):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032001330000AD	32/133	Otero Rubido, María
36056A032001470000AB	32/147	Sanmarcos Iglesias, José

Sur (ordenados de leste para oeste):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002830000AP	32/283	CMVMC de San Miguel de Valga
36056A032004160000AK	32/416	CMVMC de San Miguel de Valga
36056A032003070000AY	32/307	López Martínez, María Luisa



Leste (ordenados de norte para sur):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032001470000AB	32/147	Sanmarcos Iglesias, José
36056A032001480000AY	32/148	Touceda Lois, Eusebio
36056A032001490000AG	32/149	Descoñecido
36056A032001500000AB	32/150	Touceda Lois, José
36056A032001510000AY	32/151	Sanmiguel Temperán, José
36056A032001520000AG	32/152	Barros Frieiro, María Isabel
36056A032001530000AQ	32/153	Sanmarco Iglesias, Elisardo
36056A032001540000AP	32/154	Pardal Núñez, Rosa
36056A032001550000AL	32/155	Sanmarco Iglesias, Andrés
36056A032001560000AT	32/156	Descoñecido
36056A032001570000AF	32/157	Castromán Magariños, Carmen
36056A032001580000AM	32/158	Quintáns Lorenzo, José
36056A032004160000AK	32/416	CMVMC de San Miguel de Valga
36056A032003700000AY	32/307	López Martínez, María Luisa

Oeste (ordenados de norte para sur):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032001330000AD	32/133	Outeiro Rubido, María
36056A032004070000AP	32/407	CMVMC de Santa María de Xanza

Concello : Valga.

Parroquia: Xanza.

Nome do monte: Albor norte.

Cabida: 24.280 m² aprox. (superficie alegada na solicitude).

Estremas:

Norte (ordenados de leste para oeste):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002770000AY	32/277	Descoñecido

CVE-DOG: rdwkl098-lh47-h9w9-kkx5-lezcs6ia10f0



Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002760000AB	32/276	Descoñecido
36056A032002750000AA	32/275	Martínez García, Manuel
36056A032004130000AF	32/413	Descoñecido
36056A032002740000AW	32/274	Cotón Parda, Manuel
36056A032003980000AU	32/398	Parda Mosquera, Cándido
36056A032003970000AZ	32/397	Parda Mosquera, Manuel
36056A032002272000AU	32/272	Magán Castiñeiras, Manuel
36056A032002710000AZ	32/271	Magán Castiñeiras, Carmen
36056A032002700000AS	32/270	Magán Castiñeiras, Hipólito
36056A032002690000AU	32/269	Magán Castiñeiras, José Antonio
36056A032090030000AE	32/ 9003	Camíño

Sur (ordenados de leste para oeste):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032004030000AB	32/403	Iglesias Pérez, José A.
36056A032004070000AP	32/407	Comunidade Montes de Xanza

Leste (ordenados de norte para sur):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002830000AP	32/283	C.M.V.M.C de San Miguel de Valga

Oeste (ordenados de norte para sur):

Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002690000AU	32/269	Magán Castiñeiras, José A.
36056A032002700000AS	32/270	Magán Castiñeiras, Hipólito
36056A032002710000AZ	32/271	Magán Castiñeiras, Carmen
36056A032002720000AU	32/272	Magán Castiñeiras, Manuel
36056A032003980000AU	32/398	Parda Mosquera, Cándido
36056A032002750000AA	32/274	Cotón Parda, Manuel
36056A032004130000AF	32/413	Descoñecido
36056A032002750000AB	32/275	Martínez García, Manuel



Ref. catastral	Polígono/Parcela	Propietario
36056A032002760000AB	32/276	Descoñecido
36056A032002770000AY	32/277	Descoñecido
36056A032002780000AG	32/278	Descoñecido
36056A032002790000AQ	32/279	Vázquez Pardal, Juan José
36056A032002800000AY	32/280	Blanco Meniño, Ramón
36056A032002810000AG	32/281	Magariño Iglesias, José Ramón
36056A032004030000AB	32/403	Iglesias Pérez, José A.
36056A032004040000AY	32/404	Iglesias Pérez, Manuela
36056A032002840000AL	32/284	Meniño Caramés, Ramón
36056A032002850000AT	32/285	Gil Barreiro, María
36056A032002860000AF	32/286	Lois Pardal, Nieves

Sexto. Feitas as comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto o período de audiencia, un particular presentou unha alegación en que informaba de que nas proximidades da parcela solicitada pola Comunidade de San Miguel de Valga posúe unha parcela que non está catastrada e presenta plano dela. Na súa réplica, a Comunidade de San Miguel de Valga presenta plano que demostra que a parcela do particular está fóra do perímetro da parcela veciñal clasificada o 3 de outubro de 2011 a favor da CMVMC de Valga. Non se recibiron máis alegacións.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter ao abeiro do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, débese entender por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".



Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte en vía administrativa é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro. A acreditación sobre o uso e aproveitamento polos veciños establécese inequivocamente polo seguinte:

1. O acordo de recoñecemento mutuo de aproveitamento exclusivo, recollido en acta notarial e confirmado polas asembleas xerais da ambas as comunidades, constitúe en si mesmo un acto de disposición do monte realizado polos comuneiros en uso das atribucións que lles recoñece a lei.

2. O informe preceptivo do Servizo de Montes recolle que a parcela de San Miguel de Valga "está poblada por monte bravo de *pinus pinaster* muy denso e monte baixo de xesta e toxo", mentres que a parcela de Xanza "está poboada por masa de bastío-fuste alto de pino pinaster con pés de *eucaliptus glóbulus*". Ademais, nas dúas parcelas obsérvanse signos de aproveitamento de molime, segundo puido comprobar o instructor.

3. A Comunidade de Montes de Xanza presenta recibo da indemnización pagada por Fenosa en 1987 por dous postes da liña de alta tensión que cruza a parcela.

Cuarto. As dúbidas expresadas no informe preceptivo e xeradas polo plano da carpeta-ficha da clasificación de 1980, no cal se superpoñen parcialmente as dúas parcelas do monte Albor norte agora solicitadas de clasificación co monte clasificado en 1980 próximo á aldea de Medela, quedan aclaradas tendo en conta o seguinte:

1. Con data do 5 de febreiro de 1980, o Xurado Provincial clasifica en prol da CMVMC de Xanza un único monte denominado Baño, Outeiro, Senín, Medela e Río Valga, cun total de 169 hectáreas e cuns únicos lindes (N: parroquia de Campaña e Valga, E: parroquia de Valga e termo de Cuntis, S: parroquia e monte de Setecoros e O: parroquias de Setecoros e Louro). Pola contra, o plano da carpeta ficha amosa os montes veciñais de Xanza repartidos en varias localización sen unión entre si.

2. Con motivo do conflito polos aproveitamentos do monte Albor, no ano 2000 a CMVMC de Xanza presenta denuncia contra a Comunidade de San Miguel de Valga ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Caldas de Reis, o que dá lugar ao Procedemento de menor contía 486/00, que se resolve cunha sentenza do 14 de xaneiro de 2004, que nega



eficacia probatoria ao plano da carpeta-ficha e que declara que a parcela en litixio non está incluída no monte clasificado como Medela. Impugnada a sentenza ante a Audiencia Provincial de Pontevedra, resólvese por sentenza 00400/2004 que desestima a demanda e declara que o monte Albor queda fóra do contorno perimetral dos montes clasificados en prol da CMVMC de Xanza. Interposto recurso de casación 7/05 perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resólvese con sentenza do 18 de outubro de 2005, que rexeita o recurso. As tres sentenzas están incluídas no expediente de clasificación do monte Albor (sur).

En consecuencia, vistos os antecedentes mencionados, a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación, este instrutor, en uso das facultades que ten conferidas propón, e o Xurado de Montes por unanimidade acorda:

Clasificar como veciñal en man común o monte denominado Albor norte, situado na parroquia de Xanza, en prol dos veciños da CMVMC de Xanza, e o monte denominado Albor norte, situado na parroquia de San Miguel de Valga, en prol da CMVMC de Valga, do concello de Valga, de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e que forma parte inseparable da presente resolución.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor con carácter potestativo recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.»

Pontevedra, 27 de febreiro de 2014

Miguel Ángel Pérez Dubois
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais
en Man Común de Pontevedra

CVE-DOG: rdtwkl098-lh47-h9w9-kkx5-lezcs6iai0f0

